



PERSONAXES SINGULARES



Pola nosa vida pasan moitas persoas singulares que deixan pegadas moi profundas nos nosos corazóns, como por exemplo meiguiñas e velliñas moi intelixentes. Estas persoas son as protagonistas dos relatos de tres alumnas de Literatura Galega do Século XX.

CELIA PARRADO

Gerardo, que así se coñecía o señor máis vello da aldea, cualificábase por ser un ancián de familia humilde; carecía de privilexios que nin sequera el podía chegar a imaxinar. Como era de costume velo, a cotío vestía un clásico pantalón de pana, xa bastante gastadiño e unha camisa de liño, que moitas veces soía estar rota no pescozo e nos cúbados, que a cubría cun chaleco de cor negra.

Presumía de ter un reloxo herdado de seu pai, o cal protexía con moito agarimo no peto esquerdo do chaleque;

e no peto contrario, tiña o hábito de gardar a petaca, que alí estaba o tabaco que soía fumar despois de xantar, debido a que o seu patrimonio familiar non lle permitía o luxo de fumalo moi a miúdo.

Todos os días ía coas súas ovellas aos montes ou prados alleos... para que se puidesen nutrir e sacar beneficios económicos e así poder alimentar a súa muller e os seus fillos, e pagar algunhas rendas pendentes que xa lle debía ao seu amo.

A súa pobreza facía espertar a compaixón dos veciños, dándolle pequenas esmolas en forma de alimentos como pan, patacas...

Co paso do tempo, os fillos foron casando e abandonando o campo e a súa muller caeu enferma; como consecuencia, co paso do tempo ao verse viúvo, con tristeza, soedade e fame arrebatoulle a súa vida de mala maneira.

RAQUEL SÁNCHEZ



El era a tristeza sen nome que vagaba na soidade das noites estreladas, sen rumbo e creando co seu andar unha triste melodía que soamente a antiga lúa podía comprender. Realmente vivía entre este mundo e outro máis afastado, ninguén podía precisar se seguía aquí ou non; o único que sabían os que nalgunha ocasión o viran era que nalgún momento fora un home.

Diciáse que no seu xove rostro os fermosos ollos de séculos de profundidade narraban por si mesmos a máis triste das historias, unha historia de amor que o mar afogara.

Co decorrer dos anos a súa existencia tornaríase en lenda, mais había unha cousa que si era certa, el puxera rostro á tristeza.

SURIÑA VÁZQUEZ ÁLVAREZ



PERSONAXES SINGULARES



Na aldea de meu pai, alá pola zona de Antas de Ulla, hai unha señora entrada en anos que é moi rara, e até din que é unha meiga.

A velliña vivía co seu irmán, que xa hai uns anos que morreu, e non se sabe quen era peor, se o irmán ou ela. Ningún dos dous tiña fillos, e eran moi solitarios, xa que lles gustaba moito guerrear cos veciños. Eles dous sempre sabían como atoparlle as cóxegas á xente da aldea.

RUTH GARRIDO

Aquel pobre homiño nin tan sequera tiña casa de seu. As súas poucas vacas mantíñanse do que arrapañaban nun único prado, que para colmo todos os San Ramóns tripaban os que viñan comer de campo. Coa súa zamarra vella ao lombo e unha vara como amiga íntima pasaba longas horas gardando as vacas, alleo ao tempo.

Aínda que poida parecer que a aldea ben se arreglaba sen el, o certo é que era unha figura moi importante. Cando tocaba a campá a defunto, todos os veciños sabían quen tiraba dela, porque el era o sancristán.

Nos días de misa sempre había nos bancos de diante un home de ollos pequenos e afundidos, con catro barbas, tose crónica e unha boina na cabeza; cabo del, a súa muller, pequena e regordeta. Ela era a criada do cura, así que pasaba o día repartida entre dúas casas, el nunca lle botou nada en cara, aínda que ambos teñen estado en boca dos veciños.

Un día marchou, non deixou fillos, e do seu paso por este mundo non queda o seu nome no panteón, pero si na memoria da xente.

ELMA BARREIRO